

ROBERTO FARIÑA CARBALLO, en calidade de Delegado de persoal do Sindicato de Traballadores/as da Administración de Xustiza (STAJ), enderezo a efectos de notificacións na Cidade da Xustiza rúa Padre Feijoo nº1 edificio anexo, C.P. 36204, Vigo (Pontevedra).

EXPOÑO:

O RDL 6/2023, do 19 de decembro polo que se aproban medidas urxentes para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia en materia de servizo público de xustiza, función pública, réxime local e mecenado, procede á modificación de máis de 100 artigos principalmente da LAC. Ponse o foco con esta reforma na xustiza dixital, potenciándoa e lexislando para mellorar: a comunicación electrónica coa Administración o uso xeneralizado de videoconferencias, impulso do “Expediente xudicial electrónico” etc.

Estes cambios lexislativos afectan entre outros, aos modelos que contén o Minerva para a tramitación dos asuntos, é dicir, os modelos que actualmente teñen os funcionarios para traballar están obsoletos. Tendo en conta que ditas modificacións publicáronse o 20/12/23 entrando en vigor o 20/03/24, a Xunta tivo coñecemento das reformas lexislativas desde fai máis de catro meses. Dotar aos traballadores de material de traballo, non é só de papel, bolígrafos, ordenadores etc, se non, tamén destes modelos de traballo os cales son necesarios para a tramitación guiada, debido a que nos casos en que a modificación afecta o tipo de resolución, estaríamos ante un caso de nulidade de actuacións debido a que non se pode resolver por decreto do LAJ, o que se debe facer por auto do xuíz (art. 225.6 LAC).

Doutra banda, sería necesario que con cada reforma legal, procedécese por parte da Administración á realización de cursos de formación para os traballadores de forma previa á entrada en vigor da nova regulación. O artigo 495.1.d LOPJ establece: *“A recibir por parte da Administración a formación necesaria, inicial e continuada, co fin de mellorar as súas capacidades profesionais de forma que lles permita unha mellor e máis pronta adaptación aos seus postos de traballo e posibilitelles a súa promoción profesional”*. É por iso obrigación da Xunta formar aos traballadores e ao noso parecer con máis motivo cando se producen reformas de importancia.

Por todo o anteriormente exposto, **desde STAJ solicitamos o máis axiña posible procédase pola Xunta a modificar os modelos de traballo predeterminados en Minerva, e que se impartan cursos de formación previos á entrada en vigor das modificacións .**

Vigo, 17 de Abril do 2024.

Asinado

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA
Rúa Madrid, 2-4, 2º piso – Fontiñas
15781 Santiago de Compostela.-